

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E FUNCIÓN PÚBLICA

5243 *Real decreto 242/2019, do 5 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do persoal do Ministerio de Xustiza que leva a cabo a acción no exterior en materia de xustiza.*

A crecente globalización e interdependencia de persoas, organizacións e empresas, o incremento do volume de desprazamentos e a constatación de que o delito é un fenómeno transfronteirizo fixeron que a acción exterior do Estado en materia de xustiza se incrementase de forma considerable nos últimos anos. E isto na súa dobre finalidade de promoción da cooperación xurídica internacional, singularmente no ámbito xudicial, como no que se refire á conformación e fortalecemento da posición española ante as organizacións e institucións internacionais no ámbito das competencias do Ministerio de Xustiza.

A acción internacional do Goberno maniféstase polo exercicio directo dalgunhas das súas competencias por persoal dos servizos centrais do ministerio ou doutros órganos con sede no territorio nacional, que prestan apoio, asistencia e colaboración. Ademais, resulta preciso contar con persoal destacado no exterior con carácter estable. Este papel é esencial nos ámbitos multilateral e bilateral. No primeiro caso, trátase dun labor sostido no tempo, que exige o seguimento regular de grupos de traballo ante diferentes organizacións internacionais e ante a Unión Europea. No segundo, a intensidade da relación bilateral con determinados países demanda un impulso e control *in situ* dos expedientes que se xeran. Por último, cómpre subliñar que existe un persoal específico do Ministerio de Xustiza que é responsable de prestar asesoramento xurídico en diversas representacións diplomáticas no exterior.

É preciso ter en conta que o real decreto se sitúa nun marco xurídico marcado por dúas habilitacións legais para o desenvolvemento regulamentario do réxime xurídico do persoal dependente do Ministerio de Xustiza no exterior. Por un lado, o artigo 38 da Lei 16/2015, do 7 de xullo, pola que se regula o estatuto do membro nacional de España en Eurojust, os conflitos de xurisdición, as redes xudiciais de cooperación internacional e o persoal dependente do Ministerio de Xustiza no exterior, por outro, o artigo 18 da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, que orienta a acción exterior en materia de xustiza a promover a cooperación xurídica internacional, singularmente no ámbito xudicial, e á celebración e actualización de acordos internacionais, ademais de á formación e fortalecemento da posición española ante as institucións internacionais e da Unión Europea no ámbito da xustiza e das liberdades públicas.

Até agora o réxime xurídico do dito persoal careceu dunha regulación específica e as cuestións relativas a este viñéronse resolvendo caso por caso. Non obstante, a necesidade de dotalo de seguridade xurídica exige que se establezan unhas regras claras respecto da creación e supresión dos postos, con indicación da autoridade de nomeamento e cesamento dos funcionarios que os ocupen. Ademais, lévase a cabo a necesaria adscrición ao centro directivo competente do Ministerio de Xustiza, a Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional, Relacións coas Confesións e Dereitos Humanos.

A norma contén a modificación do Regulamento do Servizo Xurídico do Estado, aprobado polo Real decreto 997/2003, do 23 de xullo, cuxo obxectivo é dobre. Por un lado, trátase de outorgar visibilidade ao posto de conselleiro xurídico mediante a súa mención expresa na regulación do réxime do persoal dependente do Ministerio de Xustiza no exterior. Por outro, preténdense salvar as peculiaridades propias do posto, xustificadas pola especial natureza das súas funcións (propias da Avogacía do Estado), mediante o recoñecemento dun réxime propio, que sería o xeral establecido para os

avogados do Estado no Regulamento do Servizo Xurídico do Estado en todos os aspectos a excepción do relativo ao período de permanencia no posto. Considérase conveniente que este sexa o mesmo que para o resto do persoal dependente do Ministerio de Xustiza no exterior.

O real decreto estrutúrase en catro títulos. O preliminar e o título I dedícanse ás disposicións xerais e ao réxime xurídico aplicable ás dúas figuras principais que constitúen o ámbito de aplicación principal desta norma. A regulación diferenciada dos dous tipos de postos lévase a cabo nos títulos II e III. A razón fundamental para esta estrutura é distinguir do tronco común as peculiaridades de dous perfís ben diferenciados, como son as maxistraturas de enlace e as consellerías de xustiza, pero que comparten o nexo común das funcións de acción exterior en materia de xustiza.

O título II regula o réxime xurídico aplicable ás maxistraturas de enlace e ás consellerías de xustiza. As primeiras son postos ante terceiros Estados ocupados por membros das carreiras xudicial ou fiscal, dadas as súas funcións, enumeradas no artigo 11, pero especialmente pola súa natureza de cooperación xurídica penal e civil e de apoio ás autoridades xudiciais.

Pola súa parte, o título III establece o réxime xurídico específico das consellerías de xustiza ante a Unión Europea ou unha organización internacional. As funcións que as distinguen das maxistraturas de enlace recóllense no artigo 13 desta norma, entre as que destaca que contribúen á formación e fortalecemento da posición española ante a Unión Europea ou ante outra organización internacional no ámbito das competencias do Ministerio de Xustiza.

Entre as especificidades de ambos os postos destacan os corpos de adscrición, así como as funcións, que se desenvolven no texto. O resto de aspectos do réxime xurídico común, como a convocatoria, a selección e o nomeamento, os requisitos ou a acreditación, entre outros, encóntranse regulados no título I. Ademais, a norma aclara cal é a súa dependencia xerárquica, orgánica e funcional, e determina cales deben ser os períodos mínimos e máximos de ocupación dos destinos no exterior, de forma que se faga posible o equilibrio entre a súa necesaria rotación e estabilidade que garanta a eficacia da acción exterior en materia de xustiza.

Respecto do período mínimo de permanencia no posto cómpre aclarar que tanto a designación como o cesamento teñen carácter discrecional, como é predicable en todo caso dos postos provistos polo procedemento de libre designación. Non obstante, a prol da transparencia, a concorrencia e a profesionalización dos postos no exterior, a selección dos candidatos suxéitase, iso si, a un procedemento aberto en que se exixen uns requisitos e méritos específicos. Isto confire unha maior lexitimidade ao nomeamento e garante que a persoa reúne en todo caso o perfil requirido para o posto, o que permite establecer regras precisas para favorecer certa estabilidade no seu desempeño. Por isto, estableceuse un período mínimo de dous anos co que se quere facer fincapé na estabilidade dos postos, sen prexuízo do cesamento con carácter discrecional que legalmente rexe neste tipo de nomeamentos. O único efecto xurídico que determina a existencia de tal período mínimo é que, de producirse o cesamento antes do dito prazo, este debe motivarse.

As disposicións adicionais primeira, segunda e terceira refírense, fóra do ámbito de aplicación cuxo réxime xurídico se está regulamentando, pero igualmente vinculadas á acción exterior en materia de xustiza, aos conselleiros xurídicos, ao persoal da delegación española en Eurojust e aos xuíces ante a Conferencia da Haia. A disposición adicional primeira fixa a regulación do outro persoal do ministerio no exterior, os conselleiros xurídicos, adscritos á Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado. Para estes postos, o texto fai unha remisión xenérica ao seu réxime xurídico especial, establecido no Real decreto 997/2003, do 25 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Servizo Xurídico do Estado. No caso da persoa da delegación española en Eurojust, remítese ao seu réxime xurídico propio, o da Lei 16/2015, do 7 de xullo. Por último, a disposición adicional terceira regula a designación do xuíz de enlace ante a Conferencia da Haia; trátase dunha función non retribuída, que non ocupa ningún posto na

Administración do Estado nin na de Xustiza e que serve de enlace entre as autoridades xudiciais e a citada organización interestatal da cal España é membro.

Pola súa parte, a disposición transitoria primeira dá certeza á situación temporal do persoal que se verá afectado polas modificacións introducidas polo real decreto, e dá seguridade xurídica. A disposición transitoria segunda unifica e simplifica as prazas no exterior do Ministerio de Xustiza ao denominalas todas ben maxistraturas de enlace (incluíndo nesta categoría as até agora denominadas consellerías de cooperación xurídica) ben consellerías de xustiza. Neste segundo caso trátase dunha novidade que posibilitará a sinxeleza e eficiencia da súa xestión.

O presente real decreto cumpre, pois, co mandato legal antes referido e responde á necesidade de ordenar, sistematizar e clarificar de maneira completa o réxime xurídico, disperso ou inexistente até o momento presente, sobre certos aspectos de todo o persoal dependente do Ministerio de Xustiza no exterior. E faino con adecuación aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na súa virtude, por iniciativa da ministra de Xustiza, por proposta da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de abril de 2019,

DISPOÑO:

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto establecer o réxime xurídico aplicable ao persoal dependente do Ministerio de Xustiza que presta servizos no exterior e que realiza funcións en materia de xustiza das previstas no artigo 18 da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O presente real decreto aplícase ao persoal dependente do Ministerio de Xustiza que presta servizos no exterior e que realiza funcións en materia de xustiza das previstas no artigo 18 da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado: as maxistraturas de enlace ante as autoridades correspondentes dos países ante os cales estean acreditadas e as consellerías de xustiza na Representación Permanente de España ante a Unión Europea ou ante unha organización internacional.

2. Así mesmo, aplicarase ao persoal administrativo de apoio destes postos, de acordo co artigo 3.2 do presente real decreto.

Artigo 3. *Tipos de postos para o persoal dependente do Ministerio de Xustiza no exterior.*

1. Os postos do Ministerio de Xustiza no exterior, adscritos á Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional, Relacións coas Confesións e Dereitos Humanos, clasifícanse en maxistraturas de enlace e en consellerías de xustiza.

2. A través das relacións de postos de traballo poderanse crear postos de traballo para o desempeño de funcións de apoio administrativo aos postos mencionados no número anterior, que se rexerán polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, ou polo Convenio colectivo único para o persoal laboral da Administración xeral do Estado, se for o caso.

TÍTULO I

Réxime xurídico aplicable ás maxistraturas de enlace e ás consellerías de xustiza**Artigo 4. Convocatoria, selección e nomeamento.**

1. A convocatoria para os postos regulados no artigo 2.1 será aprobada por resolución da Secretaría de Estado de Xustiza, que será publicada no «Boletín Oficial del Estado» e incluírá, ao menos, a descrición do posto, o perfil das candidaturas, os requisitos exixidos, os prazos e formas de presentación, así como a posibilidade de establecer entrevistas para valorar a idoneidade.

2. Para a selección das maxistraturas de enlace constituirase unha comisión de selección, que presidirá a persoa titular da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional, Relacións coas Confesións e Dereitos Humanos, composta por senllos representantes do Consello Xeral do Poder Xudicial e da Fiscalía Xeral de Estado, e cuxa secretaría exercerá a persoa titular da Subdirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional. Esta comisión elevará á persoa titular do Ministerio de Xustiza unha proposta motivada que conterá unha terna, sempre que se recibisen tres ou máis candidaturas que cumplan os requisitos exixidos pola convocatoria, fixada de conformidade cos principios de mérito e capacidade e de acordo co principio de presenza equilibrada de mulleres e homes, salvo por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

3. O nomeamento corresponde á persoa titular do Ministerio de Xustiza, logo do informe do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, e realizarase por orde ministerial e polo procedemento de libre designación. No caso de que o nomeamento recaia sobre un membro das carreiras xudicial ou fiscal, requirirase, ademais, informe previo do Consello Xeral do Poder Xudicial ou do Consello Fiscal, en función da carreira de procedencia.

Artigo 5. Requisitos.

Os requisitos exixibles para o acceso aos postos a que se refire o artigo 2.1 serán os seguintes:

- a) No caso das maxistraturas de enlace, a pertenza ás carreiras xudicial ou fiscal e, no caso das consellerías de xustiza, a pertenza a corpos ou escalas da Administración xeral do Estado do subgrupo A1, que teña o título de licenciado ou graduado en Dereito.
- b) Acreditar ao menos dez anos de antigüidade na carreira ou corpo de pertenza.
- c) Acreditar un coñecemento suficiente do idioma do país de destino ou da lingua de traballo da organización internacional de destino.
- d) Acreditar a formación, o coñecemento ou a experiencia en materia de cooperación xurídica internacional ou un coñecemento suficiente do dereito propio da organización internacional correspondente, así como calquera outro requisito particular que se especifique na convocatoria.

Artigo 6. Acreditación.

Corresponderá ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación documentar e acreditar ante o Estado ou organización receptores o persoal a que se refire o artigo 2 do presente real decreto, que se integrará dentro da Misión Diplomática ou Representación Permanente que corresponda conforme o disposto no artigo 45.1.c) de Lei 2/2014, do 25 de marzo.

Artigo 7. Cesamento do persoal no exterior.

1. O persoal a que se refire o artigo 2.1 cesará no seu posto polas seguintes causas:

- a) Discrecionalmente pola autoridade que realizou o nomeamento. Se o cesamento se produce antes de que se cumprise o período mínimo previsto no artigo 9.2, deberase motivar.

- b) Por renuncia, que será motivada cando non se cumprise o período mínimo sinalado no artigo 9.2.
- c) Polo transcurso do tempo máximo establecido no artigo 9.1.
- d) Por incompatibilidade sobrevida, incapacidade ou outra causa que impida o efectivo desempeño do posto.
- e) Por incumprimento grave das obrigacións do posto, coa debida motivación e audiencia ao interesado.
- f) Por perda da condición de funcionario ou de membro da súa correspondente carreira, así como por algunha das causas sinaladas na súa normativa de aplicación.

2. O cesamento realizarase por orde ministerial da persoa titular do Ministerio de Xustiza, logo de informe do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

Artigo 8. *Dependencia.*

O persoal regulado no artigo 2 do presente real decreto dependerá orgánica e funcionalmente do Ministerio de Xustiza, a través da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional, Relacións coas Confesións e Dereitos Humanos, sen prexuízo da dependencia xerárquica do xefe da Misión Diplomática ou Representación Permanente en que se integre.

Artigo 9. *Prazos de ocupación de postos no exterior.*

- 1. O prazo máximo de ocupación dun mesmo posto no exterior para o persoal incluído no artigo 2.1 será de cinco anos desde a ocupación efectiva do posto. A autoridade competente para o nomeamento poderá prorrogar o dito prazo por resolución motivada até un máximo de dous anos, atendendo a razóns de especial competencia no desempeño do posto, ou á terminación de proxectos en curso.
- 2. O período mínimo de permanencia no destino adxudicado será de dous anos desde a ocupación efectiva do posto de traballo.
- 3. O período máximo consecutivo de ocupación de postos comprendidos no artigo 2.1 do presente real decreto será de dez anos desde a ocupación efectiva do primeiro posto.

TÍTULO II

Maxistraturas de enlace

Artigo 10. *Maxistraturas de enlace.*

- 1. As maxistraturas de enlace serán ocupadas por membros das carreiras xudicial ou fiscal nomeados conforme o establecido no presente real decreto e debidamente acreditados ante un Estado, de acordo co artigo 6.
- 2. Conforme o artigo 38.1 da Lei 16/2015, do 7 de xullo, a creación, modificación e supresión das maxistraturas de enlace realizarase mediante real decreto, en función das necesidades que se observen, do previsto no dereito da Unión Europea ou nos convenios internacionais subscritos por España, ou en virtude do acordado en termos de reciprocidade.

Artigo 11. *Funcións.*

- 1. De conformidade co artigo 18 da Lei 2/2014, do 25 de marzo, os titulares das maxistraturas de enlace exercerán as seguintes funcións:
 - a) Promover e facilitar a cooperación xudicial en materia civil e penal entre España e o Estado ante o cal están acreditados.
 - b) Apoiar as autoridades xudiciais competentes na redacción e execución de solicitudes de auxilio ou recoñecemento mutuo no caso das maxistraturas de enlace na Unión Europea.

- c) Intercambiar información coas autoridades do país de destino sobre as cuestións que poidan formularse no exercicio das súas funcións.
- d) Colaborar coa autoridade central española e coas autoridades xudiciais españolas cando sexan requiridos.
- e) Promover e reforzar as relacións coa autoridade central e as autoridades xudiciais competentes no país de destino.
- f) Prestar apoio ás iniciativas e actividades promovidas polos órganos superiores e directivos do Ministerio de Xustiza e, por indicación deste departamento, ás das outras institucións do ámbito da xustiza e, en especial, ao Consello Xeral do Poder Xudicial e á Fiscalía Xeral do Estado.
- g) Remitir ao Ministerio de Xustiza informes periódicos sobre as actividades desenvolvidas sempre que resulte necesario e, ao menos, unha vez ao ano.
- h) Cumprir as funcións, dentro do ámbito das competencias do Ministerio de Xustiza, que lle encomende o xefe da misión diplomática en que se integren, a quen manterá informado das actividades que realicen, sen prexuízo da necesidade de gardar a debida confidencialidade nos procedementos penais de que teña coñecemento.
- i) Calquera outra función que lles atribúa a lei, os convenios internacionais ou o acordado en termos de reciprocidade, ou ben que lles sexa encomendada desde o Ministerio de Xustiza.

2. As persoas que ocupen unha maxistratura de enlace destacada nun Estado membro da Unión Europea adquirirán, durante o tempo de desempeño do posto, a condición de punto de contacto das redes xudiciais europeas e exercerán as funcións a que se refire o artigo 34 da Lei 16/2015, do 7 de xullo.

TÍTULO III

Consellerías de xustiza

Artigo 12. *Consellerías de xustiza.*

1. As consellerías de xustiza serán ocupadas por funcionarios da Administración xeral do Estado do subgrupo A1, licenciados ou graduados en Dereito, nomeados conforme o establecido no presente real decreto e debidamente acreditados ante a organización receptora, de acordo co artigo 6.

2. Conforme o establecido polo artigo 38 da Lei 16/2015, do 7 de xullo, a súa creación, modificación e supresión realizarase mediante real decreto, en función das necesidades que se observen, do previsto no dereito da Unión Europea ou nos convenios internacionais subscritos por España, ou en virtude do acordado en termos de reciprocidade.

Artigo 13. *Funcións.*

1. De conformidade co artigo 18 da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, os titulares das consellerías de xustiza estarán destinados na Representación Permanente de España ante a Unión Europea ou ante unha organización internacional, e exercerán as seguintes funcións:

- a) Contribuír á formación e fortalecemento da posición española ante a Unión Europea ou ante outra organización internacional no ámbito das competencias do Ministerio de Xustiza.
- b) Asistir aos grupos de traballo e reunións necesarias para o cumprimento dos fins sinalados no número anterior.
- c) Intercambiar información coas institucións da Unión Europea e doutras organizacións internacionais sobre cuestións xurídicas ou doutra índole que poidan formularse no exercicio das súas funcións.

d) Prestar apoio ás iniciativas e actividades dos órganos superiores e directivos do Ministerio de Xustiza ante a Unión Europea ou a organización internacional ante o que estean acreditados.

e) Prestar apoio aos órganos superiores e directivos do Ministerio de Xustiza e a outros expertos designados por estes que se despracen á institución de acreditación.

f) Remitir informes sobre as actividades desenvolvidas e sobre as cuestións que lles sexan requiridas, e manter debidamente informado o embaixador da Representación Permanente.

g) Asesorar na transposición e incorporación ao ordenamento español dos actos lexislativos e outros instrumentos xurídicos en cuxa negociación participasen.

h) Cumprir as funcións, dentro do ámbito das competencias do Ministerio de Xustiza, que lle encomende o embaixador da Representación Permanente, a quen manterá informado das actividades que realicen.

i) Calquera outra función que lles atribúan as leis ou os convenios internacionais, ou ben que lles sexan encomendadas polo Ministerio de Xustiza.

2. Cando exista máis dun conselleiro de xustiza nunha Representación Permanente de España, o conselleiro coordinador de xustiza levará a cabo, ademais das funcións enumeradas no número anterior, a coordinación dos demais conselleiros e dos asuntos da consellería, e será o principal interlocutor co Ministerio de Xustiza.

Disposición adicional primeira. *Conselleiros xurídicos.*

Tamén teñen a consideración de persoal dependente do Ministerio de Xustiza no exterior os conselleiros xurídicos. A dita denominación corresponde ao posto desempeñado por funcionarios pertencentes ao corpo de avogados do Estado que presten labores de asesoría xurídica nas misións diplomáticas ou representacións permanentes de España no exterior, integrados na Subdirección Xeral de Asuntos da Unión Europea e Internacionais da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado. O seu nomeamento, período de permanencia no posto, funcións propias deste e cesamento rexeranse polo que estableza ao respecto o Real decreto 997/2003, do 25 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Servizo Xurídico do Estado.

Disposición adicional segunda. *Persoal que integra a delegación española de Eurojust.*

Tamén ten a consideración de persoal dependente do Ministerio de Xustiza no exterior o persoal que integra a delegación española en Eurojust. O seu réxime de nomeamento, cesamento, requisitos, incompatibilidades, funcións e competencias, así como os demais aspectos relativos ao seu réxime xurídico, serán os establecidos na lexislación propia.

Disposición adicional terceira. *Xuíz de enlace ante a Conferencia da Haia.*

1. A designación de un ou de máis xuíces de enlace ante a Conferencia da Haia de Dereito Internacional Privado, segundo o mandato en vigor ante a dita organización, será iniciada polo Ministerio de Xustiza, de acordo co Consello Xeral do Poder Xudicial, que presentará unha lista de candidaturas que reúnan os requisitos exixidos. Esta designación non comportará dedicación exclusiva nin retribución ningunha.

2. A designación farase por orde ministerial por un período de tres anos renovables.

Disposición adicional cuarta. *Adaptación das relacións de postos de traballo.*

No prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor adaptaranse as relacións de postos de traballo ao previsto neste real decreto.

Disposición adicional quinta. *Persoal laboral.*

1. O persoal laboral dependente do Ministerio de Xustiza no exterior ocupará os postos previstos na correspondente relación de postos de traballo para a prestación de funcións de apoio administrativo.
2. A selección do persoal laboral efectuarase por convocatoria pública no país de acreditación, mediante sistemas de selección que garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade. A contratación será de acordo coa lexislación laboral do dito país.

Disposición adicional sexta. *Non incremento do gasto público.*

A aprobación do presente real decreto non suporá incremento do gasto público, de dotacións, de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio aplicable ao persoal funcionario no exterior.*

1. O persoal incluído no ámbito de aplicación deste real decreto que, na data da súa entrada en vigor, estea desempeñando un posto no exterior continuará facéndoo até que se realice unha nova convocatoria conforme as disposicións desta norma.
2. Os prazos de permanencia máxima sinalados no artigo 9 serán tamén aplicables ao persoal que se encontre ocupando algún dos postos a que se refire o presente real decreto no momento da súa entrada en vigor. O cómputo dos prazos iniciárase a partir da data de ocupación efectiva do posto.
3. Para estes efectos, o persoal que superase o prazo máximo de permanencia previsto no presente real decreto, xa sexa no actual destino ou computando o tempo de permanencia exercido nun destino inmediatamente anterior, continuará facéndoo até que se realice unha nova convocatoria conforme o presente real decreto.
4. O avogado do Estado que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, estea ocupando un posto de conselleiro xurídico dos referidos na disposición adicional primeira, cesará nel tan axiña como cumpra o prazo máximo de permanencia establecido no parágrafo segundo do artigo 67.1 do Regulamento do Servizo Xurídico do Estado, aprobado polo Real decreto 997/2003, do 25 de xullo, computado a partir da data de ocupación efectiva do posto, sen prexuízo de poder optar á prórroga que o dito precepto prevé en caso de concorrer algunha das circunstancias que a farían procedente.

Disposición transitoria segunda. *Denominación de consellerías de cooperación xurídica e maxistraturas de enlace preexistentes.*

1. As consellerías de cooperación xurídica existentes no momento de entrada en vigor do real decreto pasarán a denominarse maxistraturas de enlace e serán reguladas conforme o título II.
2. A continuación enuméranse as consellerías de cooperación xurídica e as maxistraturas de enlace preexistentes, que terán a seguinte denominación unificada:
 - a) Maxistratura de enlace ante as correspondentes autoridades competentes da República francesa,
 - b) Maxistratura de enlace ante as correspondentes autoridades competentes do Reino Unido da Gran Bretaña e Irlanda do Norte,
 - c) Maxistratura de enlace ante as correspondentes autoridades competentes da República italiana,
 - d) A Consellería de Cooperación Xurídica ante as correspondentes autoridades competentes do Reino de Marrocos, que pasa a denominarse Maxistratura de enlace ante as correspondentes autoridades competentes do Reino de Marrocos e
 - e) A Consellería de Cooperación Xurídica ante as correspondentes autoridades competentes dos Estados Unidos de América, que pasa a denominarse Maxistratura de enlace ante as correspondentes autoridades competentes dos Estados Unidos de América.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 997/2003, do 25 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Servizo Xurídico do Estado.*

Engádesse un segundo parágrafo ao número 1 do artigo 67 do Regulamento do Servizo Xurídico do Estado, aprobado polo Real decreto 997/2003, do 25 de xullo, co seguinte contido:

«Artigo 67. *Provisión de postos de traballo.*

1. Serán provistos polo sistema de libre designación entre funcionarios do corpo de avogados do Estado aqueles postos que en cada momento determine a relación de postos de traballo.

En particular, serán provistos por este sistema os postos de conselleiros xurídicos desempeñados por avogados do Estado. O período de permanencia en tales postos, por razón das especiais funcións que comporta o seu desempeño, será de cinco anos, contados desde a ocupación efectiva do posto. A autoridade competente para o nomeamento poderá prorrogar o dito prazo por resolución motivada até un máximo de dous anos, atendendo a razóns de especial competencia no desempeño do posto, ou á terminación de proxectos en curso.

2. A convocatoria e resolución dos concursos de méritos para a provisión de postos de traballo reservados en exclusiva ao corpo de avogados do Estado corresponderá ao ministro de Xustiza, por proposta do avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado.»

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento e execución.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio de Xustiza para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de abril de 2019.

FELIPE R.

A ministra de Política Territorial e Función Pública,
MERITXELL BATET LAMAÑA